

**Xavier R. Baixeras: *Nadador***

**Anxo Angueira**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

ANGUEIRA, ANXO (2011 [1995]). “Xavier R. Baixeras: *Nadador*”. *A Trabe de Ouro*: 22, 127-128. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1161>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

ANGUEIRA, ANXO (1995). “Xavier R. Baixeras: *Nadador*”. *A Trabe de Ouro*: 22, 127-128.

\* Edición dispoñíbel desde o 14 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

---

XAVIER R. BAIXERAS:  
*NADADOR*  
Espiral Maior, A Coruña, 1995

---

Anxo Angueira

---

A de Xavier R. Baixeras, xa desde *Fentos no Mar* (1981), é unha poesía chea de referencias e evocacións xeográficas (ciudades, rúas, vilas, serras, montes, illas, mares, o norte...) que sempre deixa o pouso no lector da idea de viaxe, de tránsito. Por veces, como en *A gándara da noite*, libro incluído no recopilatorio *Anos de viaxe* (1987) —de título, a este respecto, moi significativo—, o poeta concibe a composición coas formas e as feitura argumentais de quen parte e realiza o periplo a bordo dun tren. Algo similar sucede nesta última entrega.

Con todo, *Nadador* é unha viaxe moi distinta. Nela non hai a primeira referencia xeográfica concreta do percorrido, non hai camiño ningún, nin destino. Porque se trata do mar, dun inmenso mar de soidade e de silencio, de brétema distante. Dun mar, por veces maraña, no que o poeta-nadador se mergulla espido de todo<sup>16</sup>, co impulso do seu propio

bracear, seguindo as partes en que se divide o libro, como se de movementos sinfónicos se tratase, avanza, se demora e adocece. E nada.

Ao primeiro a despedida da terra, do propio eu, das aves que nunca voltan, dos amores consumidos. O poeta, pouco a pouco, vaise afastando da costa e xa no océano presente, precisamente, a súa xeografía (vital tanto como literaria) agora sepultada nos abismos mariños, cidades que agora cruza para sempre co obxecto de disolverse no mar, nas grutas «onde me esperan séculos / de vida por nacer», o encontro co irmao. No ermo, na mesa de vidro que é tamén planicie marítima, só, o poeta entra no mar.

Xa nas súas entrañas deixa de bracear e fai o morto. Nesta demora en preamar o regreso é imposible:

A luz xa será branca para sempre,  
os visitantes nunca chegarán,  
non voltarán as aves: vivirás con sosego.

E, con todo, nas augas deste corazón serodio que xa nunca poderá nadar contra o roncel do seu propio corpo, aínda hai amor antes que olvido, desexo antes que soños calcinados.

Na súa alta mar —nótese que ao igual que en Manuel Antonio o mar é unha experiencia vivida desde dentro—, como nun leito abandonado, o poeta prosegue o seu camiño en espira até a total fusión unitiva:

No pranto somos a mesma mao,  
e, na reixa da chuvia, a mesma pátina,  
a mesma tona  
sobre a fugaz adolescencia,  
o mesmo corazón deshabitado,  
a mesma ardora, mar, a mesma escama.

A distancia insalvável non lle impide albiscar unha pouca terra, a patria: «esa banda azul de finxida inocencia, os oito labios esgazados, as illas, o lombo chamuscado do cordal». Pero, espantoso neste canto tristísimo, «agora os tempos nunca chegarán».

Durante toda a viaxe o ritmo da braceada, sereno, nada vibrátil, desenvolto en versos frecuentemente longos e fórmulas estróficas nas que o poeta se deixa sentir libre, adquire non a lentitude pero si a placidez do submerso, a serenidade emotivamente tremenda —por máis que for terríbel, sempre dominada— do que se afunde en remuniños.

Se en San Juan de la Cruz a viaxe mística era gozosa e ascendente, en Baixeras é desolado mergullo que nos religa a outra creación, natural e poética: a vida nas súas máis remotas e profundas raiceiras, sen síncopas nin canles secos, o mar maior de sobrevivir, que nunca poderá abandonarnos.